

# KENIA

Ola de novo! despois da nosa viaxe por México, e aínda que esteamos confinados nas nosas casas, non imos deixar de viaxar! co que nos gusta a nós troulear polo mundo!. E se non podemos facelo en persoa, faremolo a través da nosa imaxinación, polo que... preparade de novo as vosas maletas que marchamos con destino a... **KENIA!**

Sabedes algo deste país?... en que continente está?... como se chaman os seus habitantes?... como son os seus rasgos físicos?... que idioma falan?... de seguro que sabedes moito máis do que pensades, así que parádevos un momento e poñede a traballar as vosas maravillosas cabeciñas. **Anotamos!**

## Que sabemos de Kenia?

---

---

---


---

 O nome oficial do país é **República de Kenia**, pero todo o mundo o coñece como **Kenia**, sen máis!

## Onde está Kenia?



Kenia está no continente Africano. Colorea África de marrón no mapa do mundo.



Imaxe orixinal obtida de [blogitecno.com](http://blogitecno.com)

E dentro de África... es quen de atopar **Kenia** dentro de África?.  
Colorea Kenya.



Imaxe orixinal obtida de [mapasinteractivos.dictalia.net](http://mapasinteractivos.dictalia.net)

✚ **Capital:** Nairobi é a súa capital e tamén a cidade máis grande. É coñecida como a “cidade verde baixo o sol” polo seu clima marabillosa, a falta de contaminación e por estar chea de plantas e árbores.

✚ **Xentilicio:** os habitantes de Kenya chámanse **Keniatas**.

📍 Localiza a palabra **KENIA** entre outras e rodea:

**KENIA      SIRIA      BRASIL      CHINA**

**ESPAÑA      MÉXICO      KENIA      XAPÓN**

**PORTUGAL      SIRIA      KENIA      BRASIL**

**KENIA      EXIPTO      BÉLXICA      KENIA**

**CANADÁ      KENIA      KENIA      CHIPRE**

✚ Rodea as letras da palabra KENIA. Despois cópiaa.



|   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|
| K | E | N | I | A |
|---|---|---|---|---|

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|

✚ Completa coas letras que faltan:

— E N — A

K — N I —

K E — I —

## Bandeira:



Como podes observar a bandeira de Kenia está conformada por tres franxas horizontais do mesmo tamaño. As súas cores, de arriba a abaixo, son: **negra**, **vermella** e **verde**. Cada franxa está separada por unha máis pequena de cor branca. Na parte central sitúase o escudo tradicional do pobo masái en cor vermella. Detrás del, entrecrúzanse dúas lanzas.

En canto ás cores engadir que a **negra** representa ao pobo de Kenia, mentres que a **vermella** identifícase coa sangue derramada para conseguir a independencia. A **verde**, pola súa parte, é o símbolo da paisaxe nacional, chea de árbores e natureza. O *escudo e as espadas* representan a defensa do país.

Hai 3 bandeiras de Kenia escondidas, atópaas!



“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

# UNE CADA BANDEIRA CO SEU PAÍS



MÉXICO



KENIA




CHINA




ESPAÑA

Presta atención ao modelo e colorea a bandeira de Kenia.




## RECORTA AS PEZAS E FORMA DE NOVO A BANDEIRA DE KENIA



“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

RECORTA AS PEZAS E FORMA DE NOVO A BANDEIRA DE MÉXICO



“Trouleando polo Mundo” , proxecto da Aula Marrón

## UNE AS BANDEIRAS IGUAIS



# BUSCA E RELACIONA



# Verdadeiro un falso?



CHINA



ESPAÑA



MÉXICO



KENIA

-As bandeiras de España e China comparten as mesmas cores, o vermello e o amarelo... V - F

-As bandeiras de España e México teñen ambas raias horizontais... V - F

-As catro bandeiras levan escudo... V - F

-Dúas bandeiras levan estrelas... V - F

-Só unha bandeira ten raias verticais... V - F

